



Concello de Lugo

SOLICITUDE: LICENZA PARA TERRAZAS DE VELADORES

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE:	
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:		
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	ENDEREZO DE NOTIFICACIÓN TELEMÁTICA:	

DATOS DO ESTABLECEMENTO VINCULADO Á TERRAZA

ENDEREZO:	
CO NOME COMERCIAL DE _____ E CON ACTIVIDADE DE	
<input type="checkbox"/> CAFÉ BAR <input type="checkbox"/> CAFETERÍA <input type="checkbox"/> RESTAURANTE <input type="checkbox"/> OUTRA _____.	

SOLICITA:

LICENZA PARA A INSTALACIÓN DUNHA TERRAZA DE VELADORES POR UN PERÍODO DE EXPLOTACIÓN	
<input type="checkbox"/> ESTIVAL (do 1 de xullo ao 30 de setembro) <input type="checkbox"/> ANUAL (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro) PARA O ANO 20____	

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1º. Coñecer as obrigas que implica a explotación dos espazos para os cales se solicita licenza.
2º. Dispoñer do oportuno seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles riscos da explotación durante o tempo e para os espazos para os cales se solicita licenza.

NOTA: No dorso deste impreso especificase a documentación que deberá achegar con esta solicitude.

Lugo, _____ de _____ de _____
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

REQUISITOS PREVIOS

Para obter autorización para a explotación dunha terraza de veladores é preciso cumprir, entre outras, os condicionantes xerais que seguidamente se especifican:

1º. O espazo afectado pola ocupación deberá ser solo de uso público, e deberá contar con superficie suficiente para deixar libre un paso das seguintes dimensións:

- 1,40 metros en beirarrúas, para a libre circulación de peóns.
- 2,50 metros en vías peonís, para a libre circulación de vehículos.

2º. Deberá estar vinculada a un establecemento de hostalería/ocio do grupo I (cafetería, café bar, restaurante, etc.), con licenza de apertura en vigor ou ter superada favorablemente a fase de inspección no caso de comunicación previa.

3º. A titularidade do establecemento non poderá ter débedas pendentes de aboamento á Facenda Local.

4º. Deberá dispoñer dun seguro de responsabilidade civil fronte aos posibles danos tanto ás persoas usuarias como a terceiras derivados da explotación durante o período solicitado.

DOCUMENTACIÓN PARA ACHEGAR

Cunha antelación mínima de **quince (15) días** á data prevista para a instalación do mobiliario para a terraza, xunto con este formulario debidamente cuberto, deberase achegar a seguinte documentación:

- a) Copia de documento identificador da persoa física ou xurídica solicitante (NIF, escritura de constitución da sociedade).
- b) Copia da licenza de apertura en vigor do establecemento ou da notificación municipal de inspección favorable no caso das comunicacións previas.
- c) Memoria descritiva do mobiliario que se vai instalar: mesas, cadeiras, paneis cortaventos (2 como máximo), tarima (cando o solo teña unha pendente relevante), calefactores, etc.
- d) Esbozo (escala 1:100 ou similar) no que se sinala a localización da ocupación que se solicita, superficie de uso público para ocupar coa identificación da fachada do establecemento o cal se vincula á terraza de veladores. Se o local dispón de toldos autorizados, sinalarase a superficie ocupada por estes.
- e) Fotografía da/s fachada/s do establecemento afectada/s pola terraza no caso de instalación en zona PEPRI.

CONDICIÓNS DE EXPLOTACIÓN

O outorgamento da licenza de terraza implica o cumprimento, entre outras, das seguintes condicións:

- 1ª. Queda prohibida a instalación de equipos audiovisuais con altosfalantes (televisores, equipos musicais, etc.).
- 2ª. Os elementos que compoñen a terraza (mesas, cadeiras, cortaventos, xardineiras, carteis, parasoles, tarimas, etc.) deberán ser susceptibles de ser facilmente retirados, lixeiros e sen ancoraxes ao solo, e non deberán contar con armazóns complexas ou constituír no seu conxunto un recinto.
- 3ª. A Administración municipal poderá ordenar a retirada total ou parcial de elementos da terraza cando estes:
 - Superen ostensiblemente ou non se adapten ao autorizado na correspondente licenza.
 - Dificulten o tránsito viario de vehículos ou de persoas.
 - Supoñan incomodidade ou representen perigo.

NOTAS ACLARATORIAS

(1) A mera presentación da documentación demandada non supón habilitación automática para o uso do solo para o que se solicita autorización, senón que esta será outorgada expresamente por parte da Administración municipal.

(2) Cando algún dos anteriores documentos, estando en vigor, xa fora presentado noutra solicitude, a súa achega poderá suplirse cando así se faga constar e se faciliten os datos necesarios para a localización por parte da Administración municipal

(3) A autorización municipal outorgarase sen menoscabo doutras autorizacións e requisitos que, se é o caso, sexan necesarios. Non obstante, a Administración municipal poderá esixir que se acredite o cumprimento de tales requisitos.